



VENCEDORES DA BATALLA DE TRASANCOS

Partido correspondente a 21ª xornada da Segunda Autonómica grupo 4, disputado na tarde do domingo no campo de Trasancos de San Mateo ante numerosos espectadores de ambos equipos. No descanso o resultado era de 1 - 2 favorable ao Numancia.

San Mateo 15 de febreiro de 2015.

FICHA TÉCNICA:

SAN MATEO: David, Julián (Diego Piñeiro 77´), Nené, Turu (C), Berto, Rubén Dopico (Jorge 46´), Javi, Pacheco, Morocho (Alfonso 67´), Josi e Bruno (Fernando 67´).

Adestrador: Juan Miguel López Mourente.

Delegado: Roberto Naveiras Díaz.

NUMANCIA: Carlos, Martín, Berto, (Álvaro 60´), Paulo, Pepe, Teti (C), Adri, Julio (Pivo 60´), Fernando, Manu (Jesús 80´) e Chapu (Alex Pita 72´).

Adestrador: Marcos Amor Roel.

2º adestrador: Manuel Antonio Cartelle Permuy.

Delegado: José Ramón Hermida Varela.

COLEXIADO: D. Telmo Pérez Vázquez. Amoestou a Jorge e Nené polo San Mateo e Julio e Paulo no Numancia. Expulsou a Pacheco, Berto e Miguel Mourente (adestrador) no San Mateo e Fernando, Cristian e Marcos (adestrador) no Numancia.

GOLES:

0 - 1 (TETI) Falta lateral colgada sobre a área local. O balón chega a Teti quen o envía preto do pau dereito da portería local para adiantar ao Numancia (minuto 25).

0 - 2 (FERNANDO) Gran pase de Chapu sobre Fernando, éste controla o balón e lanza un gran disparo coa perna esquerda que entra pola escuadra dereita da portería de David. (minuto 30).

1 - 2 (JAVI) Pena máxima transformada por Javi (minuto 41).

2 - 2 (JORGE) Falta lanzada polos locais que rebota na barreira numantina, o balón queda morto por detrás desta, e Jorge adiantándose a toda a defensa visitante aproveita para superar a Carlos (minuto 84).

2 - 3 (ALEX PITA) centro dende a esquerda cara a frontal do área para a entrada de Alex Pita quen culmina de forte disparo raso e axustado a base do pau superando a estirada de David (minuto 89).

CRÓNICA:

De todo como en botica tivo o partido entre San Mateo e Numancia disputado nunha tarde de domingo de Entroido con orballo intermitente e temperatura suave no irregular terreo de xogo de herba natural de Trasancos.

Na primeira metade, un Numancia moi ben plantado no campo deixaba sen ideas ofensivas ao San Mateo. Chapu e Julio obrigaban ao porteiro local David a facer dúas boas intervencións. No minuto 25 chegaba a balón parado o 0 - 1 por mediación de Teti. Acto seguido no minuto 30, Fernando establecía o 0 - 2 cun fermoso gol. Os numantinos controlaban o partido pero no minuto 41 un riguroso penalti era aproveitado por Javi para anotar o 1 - 2, resultado que reinaba no marcador ao descanso.

Na reanudación saían forte os numantinos e Fernando non acertaba nunha xogada de un contra un co porteiro local David, que se iba pegado a base do pau. Tamén Adri quedaba en boa posición diante do porteiro nunha xogada posterior que desbarataba David. No minuto 65 chegaban as primeiras expulsións da tarde. O xogador local Pacheco e o do Numancia Fernando eran expulsados tras un rife - rafe entre ambos. No minuto 75 poido sentenciar o Numancia nunha pena máxima na que era expulsado o xogador local Berto, quedando o conxunto do San Mateo con 9 xogadores. O defensa Martín asumía a responsabilidade do penalti pero o gardarredes local David desbiaba o lanzamento de Martín. Acusou o golpe moral o Numancia e o San Mateo foi con todo en busca do empate. No minuto 80 nunha xogada desafortunada para o Numancia, Jorge conseguía o 2 - 2. Ningún dos dous equipos parecía

conformarse co empate e ata o final do partido houbo achegamentos as dúas porterías. No minuto 89, Alex Pita que reaparecía tras varios meses mancado conseguía o 2 - 3 para o Numancia que provocaba unha explosión de xúbilo na parroquia numantina e tamén as expulsións do porteiro suplente numantino Cristian e a dos adestradores de ambos equipos debido a un intercambio de impresións na zona técnica. Con emoción, tensión e o que é mais importante con vitoria do Numancia terminaba o partido.

En resumo, gran partido entre dous equipos da zona alta nun escenario dos de antes. Goles, fútbol, emoción, polémica e tensión foron os ingredientes dun fermoso partido no que a Marea Vermella estivo moi presente no campo de Trasancos e na que todos os xogadores do Numancia fixeron un esforzo inconmensurable para conseguir os tres puntos.

En definitiva, triunfo importante do Numancia nun dos campos mais complicados da categoría. Esta vitoria permite ao noso equipo auparse a 5ª posición da clasificación en detrimento do San Mateo. O Perlío que é 4º atópase dous puntos por enriba dos numantinos.

O próximo domingo as 16:30 en Prados Velloos o Numancia recibe a un equipo que loita por escapar da zona media - baixa da clasificación, o CD Cariño. Un conxunto de Ortegá que nos últimos anos sempre saca algo positivo de Prados Velloos. Agardamos que o próximo domingo co apoio da Marea Vermella rompan esa racha. ¡¡¡Non faltedes!!!

O Numancia somos tod@s

"Sólo cabe progresar cuando se piensa en grande, sólo es posible avanzar cuando se mira lejos"; (José Ortega y Gasset)

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!

[**Pulsa no seguinte enlace para ver os resultados, clasificación e fichas técnicas da xornada.**](#)